

IMPORTANTE:

Dende o día 24 de marzo ata o 6 de abril (ambos inclusive), ábrese o prazo para presentar a documentación xustificativa para baremar os criterios alegados nas solicitudes.

No caso de haber concedido autorización na solicitude á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para comprobar os datos referentes a:

- ✓ Identidade (DNI, NIE ou pasaporte).
- ✓ Renda do ano 2015.
- ✓ Domicilio fiscal.
- ✓ Título de familia numerosa (se é o caso).
- ✓ Certificado de discapacidade dalgún dos membros da unidade familiar recoñecida pola Xunta de Galicia (se é o caso).

NON se terán que xustificar ditos datos.

A continuación pónse no seu coñecemento documentos que deben presentar se consideran oportuno ou que marcaron como criterios a baremar na solicitude:

- **Domicilio familiar**

As solicitudes nas que o domicilio indicado sexa distinto ao domicilio fiscal deberán presentar un documento xustificativo que acredite dito domicilio actual a través dos seguintes documentos:

1. Copia do contrato de compravenda ou de aluguer.
2. Copia dunha factura actual (luz, auga, telefonía, etc.) na que apareza o actual enderezo e conste consumo.

- **Domicilio de traballo**

As solicitudes que aleguen para o baremo o domicilio de traballo deberán presentar un dos seguintes documentos:

1. Copia da última nómina.
2. En caso de ter negocio propio, documento no que se xustifique a dirección de dita empresa, negocio, etc.

- **Certificado de matriculación**

As solicitudes que se presentaron para **5º e 6 de infantil** e para **educación primaria** deberán presentar o **certificado de matriculación** que se pedirá no centro educativo no que cursan estudos neste curso académico 2016/17